



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VENTOSELA  
11 DE FEBREIRO DE 2014

Coa finalidade de celebra-la xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe, once de febreiro de dous mil catorce, na Asociación Cultural e Deportiva Miñoteira de Ventosela, ás vinte horas e cinco minutos, **reúñense**, como membros do Consello parroquial de Ventosela,

- Martín Rodríguez Alves, representante do grupo municipal PS de G - PSOE
- Jorge Varela Couñago, representante do grupo municipal AER
- Félix Cal Cortizas, representante das asociacións de veciños
- Domitila Couñago Iglesias, representante das asociacións de veciños
- Telmo Cabaleiro Castrelos, representante da Comunidade de Montes
- Fernanda Casqueiro Nogueira, representante das asociacións culturais
- Félix Couñago Míguez, representante das asociacións deportivas
- María José Casqueiro Amoedo, representante da ANPA
- Bernardo Freire Míguez, representante das comunidades de augas

Preside o consello, por delegación do Alcalde, María José Barciela Barros, e exerce de secretaria María Xosé López Regos, axuliar de Administración Xeral do Concello de Redondela.

Os puntos da **orde do día** son:

1. Aprobación das actas anteriores
2. Dar conta das obras realizadas con cargo ós orzamentos participativos
3. Informar sobre as actuacións previstas para o ano 2014
4. Fixar datas de celebración dos consellos ordinarios para o ano 2014
5. Varios

**Punto 1: aprobación das actas anteriores.**

Por unanimidade dos membros presentes apróbanse as actas das xuntanzas anteriores do Consello Parroquial.

**Punto 2: Dar conta das obras realizadas con cargo ós orzamentos participativos**

A presidenta informa das tres actuacións incluídas nos orzamentos participativos do ano 2013:

A construción da beirarrúa no Centro cultural de San Martín de Ventosela está rematada pero a factura vai entrar no 2014 polo que o seu importe vai contra o orzamento dos participativos do ano 2014 e comunica, así mesmo, que se non



## CONCELLO DE REDONDEIRA

se aproban os orzamentos municipais o orzamento dos participativos para este ano diminuirá.

A subministración do quitamedos xa se efectuou pero está pendente de colocar á espera de que mellore o tempo.

A colocación da varanda no parque biosaudable non se puido levar a cabo por incumprimento da empresa adxudicataria, Carpintería Villavieja, SL. A presidenta comprométese a afronta-la actuación con cargo ó orzamento xeral do Concello para o ano 2014.

### **Punto 3: Informar sobre as actuacións para o ano 2014**

A presidenta informa de que queda pendente a limpeza das fontes e da parroquia, dos regos.

Telmo Cabaleiro recorda que está pendente de coloca-la marquesiña de Daniel. A presidenta comunica que non se pode facer nada porque aínda está pendente de determina-lo sitio onde se vai colocar. Acórdase que Jorge Varela Couñago fale co propietario dun terreo da estrada da Castiñeira e se el accede decidirse se se inclúe nos participativos do 2014 ou se fai fóra deles.

Sobre a marquesiña de Vilar do Mato a presidenta comenta que primeiro hai que ir mira-lo sito para decidir onde se vai colocar.

### **Punto 4: Fixar datas de celebracións do consellos ordinarios para o ano 2014.**

Decídese fixar como posibles meses maio, agosto e novembro e o día concretarase chegado o momento.

### **Punto 5: Varios**

Os membros do consello debaten sobre as **actuacións** que consideran necesarias para o **2014**, ademais da xa comentada das marquesiñas.

Félix Cal comenta a necesidade de acondiciona-lo terreo do parque biosaudable e de facer un camiño para acceso a pé dende o portal do centro social ata a entrada: acórdase que sexa con bordo e xabre, de 2 m de ancho e como prolongación da beirarrúa. A presidenta advirte de que esta actuación estaría condicionada á necesidade de cesión por parte da Comunidade de Montes.

Así mesmo, indica que segue pendente a colocación dun sinal no cruzamento das Agrelas (xunto a Aldeas Infantís) que indique como chegar ó Centro Social de Ventosela A Miñoteira. A instancia de AER acódase engadir dous sinais máis: un na rotonda do Torres e outro no Xogo dos Bolos.



## CONCELLO DE REDONDEIRA

Domitila Couñago indica que o camiño da Patela estase a afundir e é preciso un muro; a presidenta comunica que irá un técnico municipal para valoralo e toma-las medidas oportunas de ser necesario.

Tamén insiste na realización de cunetas e na recollida das augas no camiño da Riqueixa. A presidenta indica que tamén é preciso que un técnico municipal valore esas actuacións das que se falará no próximo consello.

En Vilar do Mato comenta que unha estrada se está afundindo "diante do portal de Yoli" e que as arquetas da rede de sumidoiros están todas sen bordos ante o cal a presidenta comenta que se son de saneamento pasaráselle unha nota a Aqualia.

Telmo Cabaleiro comenta que hai un anaco de terreo sen asfalto onde se vai coloca-la marquesiña de Vilar do Mato e que para o cruzamento do camiño da Patela está solicitado un espello.

A representate da ANPA, M<sup>a</sup> José Casqueiro, comenta que no colexio de infantil:

- cómpre arranxa-la cornixa que se cae a anacos
- hai problemas coa luz (xa foron a velo)
- precisan un soporte de teito para o proxector e unha impresora a cor
- sería conveniente pechar de aluminio a balconda para os nenos cando chove.

A presidenta comprométese a trasladarlle tódalas peticións á concelleira de Ensino.

Por acordo de tódolos membros presentes, acórdase que é necesario colocar paneis informativos nos seguintes lugares:

- na Igrexa, onda o cemiterio, debaixo dos transformadores
- onda a futura marquesiña de Vilar do Mato
- no cruzamento do Cutiño ("de Claudino")
- xunto á de Santos, pegado ó muro de arriba
- na Carosa
- no cruzamento do Rial.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levantou a sesión ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o cal redáctase a presente acta, da que, como secretaria do Consello, dou fe.

A presidenta

M<sup>a</sup> José Barciela Barros

A secretaria

María Xosé López Regos